



REGULAMENTO

III Ruta BTT Montes de Friol

Art. 1.- O Club Ciclista Friol en colaboración co Concello de Friol, coa autorización da Federación Galega de Ciclismo e acorde co Regulamento Xeral de Cicloturismo, organiza a marcha “III Ruta BTT Montes de Friol” o día 15 de Outubro do 2023.

Art. 2.- A saída será ás 9:00h dende a Praza Andón Cebreiro, Friol. A chegada será na Praza de España, diante do concello e do colexio-polideportivo, onde se atoparán as duchas, lavado de bicicletas e xantar. Disporase de tres percorridos coas seguintes características:

- Ruta longa: 72km cun desnivel de 1900m (+).
- Ruta media: 54 km cun desnivel de 1400m (+)
- Ruta curta: 40km cun desnivel de 900m (+).

Na ruta longa farase un corte no quilómetro 23 sendo obrigatorio pasar antes das 11h. Os participantes que pasen mais tarde da hora sinalada deberán continuar o percorrido pola ruta media.

A proba darase por rematada ás 15:30. Cada participante terá que escoller a distancia e desnivel axeitado as súas aptitudes físicas. O track da ruta estará a disposición dos participantes a semana anterior á proba.

Art. 3.- O importe da inscrición será de 20€ para os ciclistas federados e de 30€ para os ciclistas non federados que precisen solicitar licenza dun día.

Art. 4.- A inscrición realizarase a través da páxina web de www.championchipnorte.com. O prazo de inscrición notificarase por redes e páxinas web do evento. Non se aceptan inscricións o mesmo día da proba.

Art. 5.- A marcha está aberta a todo ciclista maior de 15 anos en posesión de licenza federativa en vigor, cun máximo de 350 participantes. As inscricións de menores de 18 anos, deberán ir acompañadas da autorización por escrito do pai, nai ou titor legal do participante. De non achegar a devandita autorización, non se dará por formalizada a inscrición e non lles será entregado o dorsal para poder participar na III Ruta BTT Montes de Friol. No Anexo o final deste documento está dispoñible o documento de autorización. (Presentar documentación a través do e-mail clubciclistafriol@gmail.com).

Art. 6.- A recollida de dorsais realizarase o mesmo día da proba, dende as 7:45h ata as 8:50h , na zona de saída. Para recoller o dorsal será imprescindible portar DNI e, no caso de ciclistas federados, licencia da federación do ano en curso.

Art. 7.- A organización facilitará avituallamentos sólidos e líquidos en distintos puntos do percorrido, reservándose o dereito a modificar os mesmos por causas de forza maior, ou o bo desenrolo da proba así o aconsellan.

Art. 8.- Só se considerarán participantes da marcha aqueles ciclistas que leven o dorsal facilitado pola organización. O dorsal é persoal e intransferible polo que non poderá levalo outro participante ou persoa.

Art. 9.- A organización realizará sorteos de regalos entre os participantes que queden a xantar.

Art. 10.- Será obrigatorio o uso do casco.

Art. 11.- A organización disporá dos servizos sanitarios esixidos polos regulamentos técnicos da RFEC, ambulancia e médico.

Art. 12.- A organización disporá de un seguro de responsabilidade civil para a proba. Cada corredor contará cun seguro persoal: seguro de un día para participantes non federados e seguro da federación para participantes federados.

Art. 13.- O participante será responsable dos seus actos, tanto dentro coma fora da marcha, debendo de cumprir o regulamento de circulación, normas de Tráfico e do Medio Ambiente e calquera outro tipo de regulamentación que lle sexa aplicable.

Art. 14.- Existen percorridos con diferentes niveis de dificultade. É responsabilidade exclusiva do participante ser apto para esta ruta cicloturista non competitiva, gozar de boa saúde en xeral, así como, ter o nivel suficiente de preparación física, técnica e mental para afrontar a proba elixida. O participante entende e acepta os riscos inherentes á participación nesta actividade.

Art. 15.- O participante acepta que, nin os organizadores nin ningunha das persoas que colaboran, poden considerarse responsables, baixo ningún concepto, pola lesión, morte ou outro tipo de danos que puideran ocorrer como resultado da participación neste evento, ou como resultado da negligencia de calquera das partes, incluídas as incidencias que puideran xurdir con todos os servizos contratados. Ademais, libera ó evento en si e ós seus organizadores, colaboradores e patrocinadores de calquera reclamación xudicial ou extraxudicial que puidera interpoñerse en nome do participante, os seus familiares, herdeiros ou polas persoas que igualmente puideran representalo a consecuencia da participación no evento.

Art. 16.- A organización non se fai responsable dos artigos persoais ou bens que se puideran perder, danar ou roubar no evento.

Art. 17.- O participante autoriza á organización da proba a utilizar as fotografías, imaxes, vídeos, películas, gravación ou calquera outro rexistro das actividades do evento para calquera propósito lexítimo a perpetuidade non tendo dereito a ningún tipo de compensación.

Art. 18.- Medidas COVID: Cumprirase o protocolo COVID que estea en vixencia no momento de celebración a proba proporcionado pola Federación Galega de Ciclismo para as probas de "Ciclismo para Todos".

Art. 19.- A inscrición da marcha supón a plena aceptación deste regulamento.

*O presente regulamento está suxeito a cambios provocados polos protocolos que estableza o Goberno ou a Federación Galega de Ciclismo no momento no que se vaia a desenrolar a proba.

**Co obxectivo de axilizar o proceso de entrega de dorsais, os participantes poderán achegar a documentación necesaria para participar a través do seguinte correo electrónico:

clubciclistafriol@gmail.com

AUTORIZACIÓN III RUTA BTT MONTES DE FRIOL

Eu D. _____

con DNI número: _____ sendo titor/a legal de

D. _____ nacido/a

o día: ___ / ___ / _____ con DNI número: _____

DECLARO:

Que son coñecedor das normas e condicións necesarias para participar na ruta e contidas no regulamento da proba posto a disposición dos participantes.

AUTORIZO:

A participar na ruta ciclo turista BTT "III RUTA BTT MONTES DE FRIOL" o próximo día 15/10/2023.

Fdo: